

# EDITORIAL







Como xa é habitual, a neve é de novo protagonista indiscutible desta páxina; pero este ano especialmente, xa que facía décadas que non tiñamos unhas nevadas similares. Eso sí, acabaremos sendo famosos de tanto saír na tele e nos xornais. Pero tamén tivo cousas positivas, por exemplo, o ben que o pasamos cos trineos na neve ou o deporte que tiveron que facer os profes algún día para que puidesemos entrar sen perigo no cole, como o profe Juan que nos limpou o xeo que se formaba cando a neve que se derretía polo día, conxelábase pola noite.

Como cada ana queremos dar unha agarimosa despedida aos compañeiros e compañeiras que se nos van: Uxía, Ana e Miguel, moitísima sorte nos centros nos que ides continuar estudando. E tamén aos profes que se van (aínda que esperamos que o ano que ven regresen) Bruno, Carmen, Mari, Lucía, Maricruz e Rocío de Relixión. Pero sobre Ana, a nosa dire dende hai 5 anos, que se vai para o seu centro de destino. Moitas grazas polo teu esforzo por educarnos, ensinarnos, mellorar o cole, ... deixas unha forte pegada no cole e en cada un dos nenos e nenas e estes anos pasaron polo cole. Moita sorte!!

E por última aquí vos queda un pequeño resumo das actividades que fixemos este ano. Esperamos que o disfrutedes. Vémonos o próximo curso con moitas novidades e, por suposto, moito que seguir traballando e aprendendo.

Un saúdo,

O equipo directivo